

8. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - O CASTRO DE VIGO



Os castros eran o lugar onde se habitaba, o sitio onde se erguían os celeiros que gardaban as colleitas e as cortes nas que se recollían os gandos... Neles, ou mesmo ao seu pé, tentábanse os negocios públicos, mercábase e vendíase nas feiras e bailábase nas festas.

Vexamos, a continuación, o que se relata nos textos históricos sobre estas construcións:

1. POSIDONIO (135-51 a.C.)

Conta que as mulleres recollían areas auríferas e que as lavaban en cestas de vimbios.

2. PLINIO (23-79 a.C.)

Di que rachaban as penas con lume e vinagre para desfacelas e que desviaban o curso dos ríos para lavar as areas, coando as augas con feixes de toxo.

Xosé María Álvarez Blázquez foi tamén un especialista en arqueoloxía castrexa e dirixiu os primeiros traballos de escavación do Castro de Vigo (1952 e 1970), como delegado local.

O Castro é o nome do monte que domina a cidade de Vigo e tamén o do poboado castrexo que hai nel.

A finais da época do Bronce xorde a cultura castrexa, así denominada por seren os castros as construcións típicas das comunidades humanas da Galicia de entón: os *callaeci*.


Como cronista da cidade de Vigo, di que o vicus foi a expansión en terreos costeiros do poboado fortificado no cumio do monte. O castro sería o núcleo principal da poboación e daría orixe a un novo asentamento que recibiu o nome de vicus. A decadencia do primeiro e o crecemento do segundo, situado na zona do Areal, foi paralela á perda do nome da poboación castrexa, coa adopción do de *vicus* (o nome indíxena que tiña o poboado antes da súa romanización descoñécese, xa que non aparece en ningunha inscrición nas fontes escritas).

O poboado foi utilizado desde o século II a. C. ao III d. C. (sábese pola estratigrafía e polos materiais que apareceron nas escavacións); o abandono crese que foi progresivo ata a zona máis baixa, máis preto do mar, onde se formou o asentamento da época romana.

A ourivería galega data xa dos comezos do período de Bronce e acadou o seu maior esplendor na época dos castros. Os ourives castrexos crearon un estilo propio e traballaban con moita habilidade mediante técnicas diversas: filigrana, cicelado, estampado...

Os principais tipos de alfaías fabricadas son os torques, os brazaletes, as arracadas e os diademas.

Entre os obxectos de adobío persoal do noso poboado destacan: os broches (fíbulas) de bronce, alfinetes de toucador, moi frecuentes en castros romanizados; unha espátula, posiblemente para cosmética; doas de colar ou de pulseira e o entalle.



Planta do castro, descrición:

- 1- Muros fragmentados, escavados en 1981.
- 2- Serie de muros de diferentes épocas (métese uns baixo os outros).
- 3- Construción alongada con vestíbulo irregular.
- 4- Construción circular castrexa e sobre ela unha cadrada da época romana (as dúas escavadas en 1952).
- 5- Construción de muros rectos con muro acaroadado á rocha base, tamén se atopou nela o limiar de entrada e un fogar rectangular no centro.
- 6- Construción feita na rocha (segundo J. M. Hidalgo, pola súa forma elíptica e con compartimentos, poderíase corresponder cun monumento con forno).
- 7- Cuncheiro.

Outro dos méritos de Xosé María Álvarez Blázquez é o descubrimento das industrias paleolíticas das Gándaras de Budiño.

Foi o primeiro investigador galego que lle prestou atención ao xacemento de Budiño e recolleu na súa superficie máis de 200 pezas. Este traballo inicial chamou a atención doutros investigadores que, en 1963, realizaron a primeira escavación arqueolóxica no xacemento. Este xacemento corresponde ao complexo Achelense.

As características ácidas dos solos galegos provocan a rápida descomposición dos restos orgánicos, o que impide a súa conservación. Por este motivo, en Galicia non aparecen fósiles humanos de épocas prehistóricas. Consecuentemente, para coñecer o pasado remoto dos habitantes en Galicia só podemos utilizar os descubrimentos arqueolóxicos de restos de utensilios elaborados por eles.

Os máis antigos útiles coñecidos en Galicia remítense ao complexo Achelense.